

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DE SERVICIO DE GABINETE DE PRENSA E REDES SOCIAIS PARA A FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓN E CONGRESOS DE A ESTRADA DURANTE O ANO 2.023

OBXECTO. Servizo de Gabinete Comunicación Feira do Moble /Redes Sociais para as diferentes actividades e feiras organizadas pola Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada durante o ano 2.023. O acceso ó perfil do contratante será en www.feiradomoble.gal.

PRESUPOSTO. Existe crédito para a contratación. O valor estimado do servizo é de **1.950** .—e, **IVE excluído**. O presuposto desta contratación non será obxecto de revisión, xa que no cálculo do mesmo foron tidos en conta os factores económicos determinantes para manter o equilibrio financeiro do contrato durante o prazo de execución.

DURACIÓN. O Servizo deberá estar completamente executada no prazo de 11 meses dende a adxudicación. Non haberá revisión de prezos.

TIPO CONTRATO. Polo importe do servizo, con valor estimado de **1.950€** .- **IVE excluído**, realizarase contrato menor de servizo. O presente contrato ten carácter administrativo e rexerase polo establecido nestas condicións e na Lei de Contratos do Sector Público (LCSP). Ademais, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

CAPACIDADE PARA CONTRATAR. O adxudicatario deberá xustificar a súa capacidade para contratar coa Administración, así como xustificar a solvencia técnica e profesional do mesmo. As empresas que poden participar na contratación serán aquelas que, polo seu obxecto social e pola súa actividade mercantil, teñan relación directa co obxecto do contrato, á vista dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que dispoñan de unha organización con elementos persoais e materiais suficientes para unha debida execución das prestacións esixidas. Non está permitida a subcontratación.

ANUNCIO DE LICITACIÓN. OFERTAS. As ofertas presentaranse na Administración da Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada, con domicilio en Zona Deportiva s/n de A Estrada (Pontevedra), ou por medio de correo electrónico tesoureria@expoestrada.com. As propostas deberán ser presentadas nun **prazo de cinco días hábiles** dende a publicación do anuncio que se publicará na páxina web da Fundación.

Xunto coa proposta deberán presentar declaración responsable de non estar en ningún dos supostos de prohibicións para contratar coa Administración do artigo 71 da LCSP.

Tanto na oferta que formule o licitador como nos orzamentos de adxudicación entenderanse comprendidos para todos os efectos os gastos e impostos de toda índole que graven os diversos conceptos, sen que, por tanto, poida ser repercutido ningún deles como partida independente.

Serán tamén a cargo do adxudicatario o pago do importe dos gastos de publicación de anuncios e cuantos outros se ocasionasen con motivo dos trámites preparatorios e de formalización do contrato, igual que o pago de toda clase de tributos estatais e locais.

ÓRGANO DE CONTRATACIÓN. Será o Comité Executivo da Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada.

CRITERIOS PARA A VALORACIÓN DAS PROPOSTAS: O órgano de contratación poderá adxudicar o servizo á puntuación máis elevada, en atención ós seguintes criterios:

- | | |
|--|----------|
| a)Proposición económica máis ventaxosa : | 6 Puntos |
| b) Experiencia en empresas e institucións semellantes: | 2 Puntos |
| c)Valoración polos traballos realizados na Fundación,
así como ser colaborador da Fundación | 1 Punto |
| d)Certificación en Calidade e Medio Ambiente | 1 Puntos |

A **puntuación máxima total será de 10 puntos.** O Comité Executivo poderá solicitar os Informes técnicos que teña por convintes para analizar a valoración das ofertas. No caso de solicitar ditos Informes, os mesmos quedarán incorporados ó expediente administrativo.

FORMALIZACIÓN DO CONTRATO. O órgano de contratación comunicará o adxudicatario a adxudicación do contrato no prazo de tres días hábiles seguintes ó acordo de contratación. Realizarase contrato privado. A adxudicación será notificada ós licitadores e simultaneamente publicada na páxina web da Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada.

CONDICIONS PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO. A empresa adxucataria presentará canta documentación lle sexa requirida pola Fundación conforme ó previsto na Lei 9/17 de Contratos do Sector Público.

EXECUCIÓN DO CONTRATO. O contrato executarase con suxeición as súas cláusulas e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación indique ao contratista o órgano de contratación. O Adxudicatario designará unha persoa responsable do contrato.

A execución do contrato levarase a cabo a risco e ventura do contratista, sendo este responsable da calidade técnica do servizo, non podendo iniciarse a execución do contrato sen a súa anterior formalización por escrito. Corresponderá á Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada os poderes de verificación e control da execución do contrato. O Órgano de contratación determinará si a prestación levada a cabo polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, cumprindo as seguintes condicións:

Feiras de Marzo

Actualización das redes sociais do Recinto Feiral A Estrada(Facebook,Instagram,Twitter e LinkedIn) e cobertura fotográfica e de video dende 01 ata 12 Marzo.

Feira de Abril

Actualización das redes sociais do Recinto Feiral A Estrada(Facebook,Instagram,Twitter e LinkedIn) e cobertura fotográfica e de video dende 03 ata 16 Abril.

Feira do Moble

Dende Xuño a Agosto:

-Actualización e posta a punto de redes sociais,con optimización da identidade dixital da institución.Creación de contido e cobertura de fotografía e video.

-Gabinete de prensa :redacción de notas de prensa,convocatoria de actos,xestión de entrevistas e cobertura fotográfica e de video.

-Propostas de dinamización en redes sociais e de organización do evento.

Actualización web.

Setembro ---Cobertura diaria do evento ,co envío de notas de prensa,convocatoria de actos necesarios,xestión de posibles entrevistas e cobertura fotográfica e de video .Planificación e xestión de redes sociais,.

Feiras Decembro

Actualización das redes sociais do Recinto Feiral A Estrada(Facebook,Instagram,Twitter e LinkedIn) e cobertura fotográfica e de video dende 04 ata 17 Decembro

RESOLUCIÓN DO CONTRATO. Son causas de resolución do contrato, no termos que establece o artigo 112 del RXLCAP, ademais das establecidas nos artigos 245 e 294 da LCSP, as seguintes:

- O incumprimento das obrigas ou prohibicións enumeradas no presente prego.

- A grave deficiencia na prestación do servizo por parte do adxudicatario, debidamente documentado pola Fundación.

PAGOS AO ADXUDICATARIO. O adxudicatario terá dereito ao abono, con arranxo aos prezos contratados, da obra efectivamente executada. O importe da obra levada a cabo acreditarase por medio da presentación da correspondente factura, así como da documentación que, de estimarse precisa, xustifique que se levou a cabo a realización total ou parcial do contrato. Procederá a emisión da factura unha vez cumprimentada a prestación obxecto do contrato. No caso de conformidade co servizo, o responsable do contrato conformará a factura correspondente. No caso contrario,

emitirá un informe da súa discrepancia, do que se dará traslado ó contratista, tendo este dereito a un período de audiencia por un prazo de 10 días, a contar a partires do día seguinte á da notificación. Simultaneamente, procederase a rexeitar a factura con indicación dos motivos. A factura quedará rexistrada como anulada no rexistro contable de facturas. O pago de prezos relativos á obra controvertida non se tramitará en tanto non se emenden as deficiencias e previa presentación de nova factura. A Fundación procederá, con carácter xeral, o abono da factura dentro dos 30 días seguintes á data de recepción da factura correspondente.